

Cámara e Garrigues informan sobre os procedementos para a reclamación dos impagos

Ferrol. 06/07/2011. A Cámara de Comercio de Ferrol organiza, en colaboración con Garrigues, para o próximo día 15 de xullo, un seminario sobre a xestión de débedas comerciais e os seus aspectos prácticos, en concreto sobre os diferentes procedementos que poden seguir as pequenas e medianas empresas para a reclamación dos impagos.

A asistencia ten carácter gratuíto para as empresas que formalicen previamente a súa inscrición.

Intervirán José Antonio Ballesteros e Javier Roldán, do departamento de Dereito procesal de Garrigues, para explicar, entre outras cuestións, as diferentes figuras xurídicas que facilitan o aseguramento do cobro e para proporcionar unha serie de consellos prácticos e pautas que debe seguir o empresario para minimizar os riscos.

A parte central do seminario estará orientada a analizar as principais modificacións que se introduciron na Lei de loita contra a morosidade, especialmente no que se refire aos prazos de pago entre empresas ou entre as empresas e a Administración.

Tamén se tratarán outros aspectos relativos á aplicación desta lei como son a posibilidade de agrupación de facturas, as cláusulas abusivas ou as obrigas contables e se falará do réxime transitorio previsto e da directiva europea que vai supoñer a introdución de novas modificacións na lexislación española.

Outra parte da xornada dedicarase aos títulos cambiarios e ás diferentes vías para reclamar as débedas que se recollen nestes títulos, con especial atención ao xuízo cambiario e ás súas vantaxes e inconvenientes de carácter práctico.

Por último, os relatores abordarán o novo tratamento do proceso monitorio, concibido polo lexislador como un método eficaz, barato e "áxil" para reclamar débedas derivadas da actividade empresarial e para recuperar o IVE, pero que se topou, na práctica, coa saturación dos xulgados e o aumento do número de reclamación derivadas da situación de crise.

